



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

ASUNTO: RENOVACIÓN DE 3 REPRESENTANTES DO PROFESORADO NO CONSELLO ESCOLAR.

CONVOCATORIA

De acordo coa resolución do 19 de setembro de 2022, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo coa actual lexislación, corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES REPRESENTANTES DO PROFESORADO** dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- Son electores todos os profesores do Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data estará exposto na Secretaría do Centro.

3.- Son elixibles todos os profesores que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. **As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 4 ata as 14'00 horas do día 15 de novembro.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os profesores que non se presenten como candidatos/as, o 17 de novembro, ás 11:05 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, e dous profesores, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 23 de novembro, incluídos ambos días. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro.

6.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, claustro ás 11:00h.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:20 horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar como máximo **dous NOMES** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

8.- Ten dereito ao voto todo o profesorado do Centro.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ourense a, 7 de novembro de 2022

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Fco. Antonio Rodríguez Rodríguez